

Pepe Poeta



Xosé Santos Rodríguez (1918-2007) o noso Pepe Poeta, asiste de neno ás escolas de Xosé Monge, de Pepe Azpeitia na Fonte do Galo e, no pósito de mariñeiros, co innovador Felipe Carnicer. Mais onde vai despertar ao mundo da poesía é na Escola de Noite de Manuel Mosquera, "Barbicas".

De mozo organiza excursións ao monte e, despois do xantar, recita poesías da súa autoría e clásicos como Rosalía de Castro ou San Juan de la Cruz, enaltecendo as belezas da natureza que contemplaba dende os cumes. Funda nos anos 40 os equipos de fútbol Justicia, Juventud e Penfalta, traballa de conserxe no Centro Recreativo na Casa da Bola. Na panda de cinco amigos da peña Penafalta vaille quedar para sempre o sobrenome de Pepe "Poeta".

Na guerra civil tocoulle servir en infantería de Mariña, no barco "Mar Negro" e no minador "Neptuno" con base en Mallorca e Cadiz, cidade na que coñece a Aurora Ros Ayera, o seu veleiro

de soños con quen casa na igrexa gaditana de San Antonio. De volta a Cangas ao remate da guerra, empeza a visitar enfermos de todo O Morrazo. Aproveita os domingos para visitar, a pé, os lugares onde tiña novas de haber necesidade entre as persoas máis humildes do concello e nos lugares máis apartados da bisbarra. Cando non hai fondos económicos, organiza rifas e actuacións para recadalos, solicita dos organismos oficiais axuda e atención para os máis pobres. Ás veces acompañábao o seu amigo Bernardino Graña con quen compartiu amizade e inquedanzas literarias.

Quere facerse músico, aprender a tocar o violín e, para conseguilo faise barbeiro, traballa nunha botica e nunha perruquería. Despois chámao Camiña para montar un establecemento de efectos navais ata que abre o seu propio negocio, "Ferretería Pepe", na rúa Valentín Losada, a carón da súa vivenda. Como vendedor era moi bo. Sempre facía algunha rebaixa e sempre tiña nos beizos algún consello práctico que ofrecer.

Home áxil e dinámico, gran deportista, sempre se lle vía camiñar polas rúas con paso apersurado, aproveitando ben os minutos para solucionar algun problema das moitas necesidades que había. Axudaba aos pobres a cubrir trámites e encher instancias, solicitaba praza para os rapaces orfos, nos colexios de Pontevedra e para ingresar os enfermos nos sanatorios.

Cóntase que grazas ao seu labor, fixo desaparecer a tuberculose da comarca. Ten sacado xente dos cárceres, persoas

pobres de Cangas, de Vilagarcía, de tantos sitios a onde chegou a sonda deste home preocupado polos problemas dos necesitados. Persoas condenadas a moitos anos de prisión por ter roubado para comer, pola fame que pasaban.

Para todos, Pepe tiña un sorriso nos beizos. Semellaba que para el non existía problema algún. Home ameno de fácil charla, e entusiata da música dos clásicos e delicado no trato.

Na amañecida da súa onomástica recibía a visita do Coro dos Pepes e das Pepitas dirixidos por Tucho Perete, e sempre tiña un poema de agasallo preparado como resposta para satisfacer aos seus veciños e amigos que lle cantaban en recoñecida homenaxe.

Namorado da súa vila natal polos catro costados, namorado das súas xentes e da súa paisaxe, Pepe Poeta viviu dedicado a Cangas e ás súas xentes.

(Texto de Fernando Cuñarro en Faro de Vigo de 22/02/2008)

